

# UN VERÁN DIFERENTE II

## CONCELLO DE FENE - VERÁN 2021

A pandemia da COVID-19 segue entre nós, aínda que os datos sociosanitarios apuntan a que comezamos a ver a luz ao final deste túnel e imos camiñando de vagar cara ao que se deu en chamar “unha nova normalidade”.

Nas actuais circunstancias, toca seguir sendo prudentes e procurar que a desescalada se produza dunha forma gradual, a mellor contribución para prever e evitar novas vagas de contaxios. Con esta perspectiva e coa finalidade de recuperar progresivamente todas as actividades culturais municipais, este ano non haberá “Verán máis alá!” e reeditaremos *UN VERÁN DIFERENTE*, actividade que tan bo resultado deu no ano 2020.

*UN VERÁN DIFERENTE* xorde para proporcionar unha alternativa de lecer educativo, no nosa lingua, que facilita a conciliación da vida laboral e familiar e que se vai desenvolver **en dúas quincenas, do 1 ao 30 de xullo, de luns a venres (días laborais), nas instalacións do CEIP DE CENTIEIRAS (PERLÍO).**

Está DIRIXIDO AO ALUMNADO **ESCOLARIZADO** EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA NADO ENTRE OS ANOS 2009 e 2017 (idades de referencia, mínima 3 anos cumpridos e escolarizado no curso 2020/2021; máxima 12 anos cumpridos na data de comezo da actividade)

HORARIO: de 8:00 a 14:00 horas.

- **Madrugadores/as:** de 08:00 a 10:00 h. (Os nenos e as nenas poderán incorporarse, en frecuencias de media hora, ao longo desta franxa horaria)
- **Xogamos no exterior:** de 10:00 a 14:00 h (Os nenos e as nenas terán que incorporarse ás 10:00 h e saír ás 14:00 h).

Cun enfoque lúdico-educativo non regrado, tentaremos adaptar as actividades ás que sexan posibles nestes novos tempos, procurando en todo momento preservar a saúde das persoas participantes.

Aplicaremos, e así tamén o terán que facer os/as participantes, as normas e protocolos que para este tipo de actividades decreten as autoridades sanitarias, protocolos que comunicaremos antes do comezo da actividade.

## PRAZOS E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

### MOI IMPORTANTE:

**A realización da actividade está suxeita a que a administración autonómica aprobe un protocolo para o desenvolvemento deste tipo de actividades así como á autorización das autoridades sanitarias e, de poder realizarse, serán de aplicación os protocolos hixiénicos-sanitarios que se definan para este tipo de programas. Asemade, a actividade só se levará a cabo de cubrirse o 50% das prazas ofrecidas para cada quincena.**

### Cómpre ter en conta que:

- Por limitacións de aforo, organízase a actividade en dúas quendas de aproximadamente 1 quincena de duración. Para favorecer a participación dun maior número de nenos/as só se poderá participar nunha das quendas.
- A matriculación non se rexe por orde de inscrición.
- Diferénciase entre PREINSCRICIÓN e MATRICULACIÓN con prazos e achega de documentación específicos para cada unha das fases. A MATRICULACIÓN só se poderá facer unha vez formalizada a PREINSCRICIÓN e obtida a praza.
- Establécense criterios familiares e laborais para a adxudicación das prazas. En caso de empate priorizarase a quen teña irmáns/ás matriculados/as na actividade e, en última instancia, de manterse o empate, resolverase por orde alfabética do primeiro apelido.
- Non se ofertan prazas para persoas non empadroadas en Fene, agás o caso de nenos/as que acrediten que no curso 2020/2021 estiveron matriculados/as nalgún centro de ensino de Fene.

## FASE DE PREINSCRICIÓN (imprescindible para poder optar á matriculación)

### Documentación a achegar:

- Solicitud de preinscrición/declaración responsable segundo o modelo correspondente. Inclúe autorización expresa para que o Concello comprobe que os/as menores para os que solicita a preinscrición **están empadroados en Fene como mínimo dende o 2 de maio de 2021**. Asemade, e de ser o caso, tamén inclúe autorización expresa para que o Concello consulte no centro de ensino que o/a neno/a estivo matriculado/a nese colexio no curso 2020/2021.
- Declaración responsable a respecto da COVID-19.

### Prazos e lugar para achegar esta documentación:

**PREFERENTEMENTE POR VÍA TELEMÁTICA.** A través da sede electrónica, <https://sede.fene.gal/> ou do Rexistro Electrónico Común: <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do> desde as 9:00 h. do día 1 de xuño ás 14:00 h. do día 4 de xuño.

**EXCEPCIONALMENTE, preinscripción presencial.** Para acollerse a esta modalidade hai que solicitar **cita previa no teléfono 981 340 366**. Acudir o día e a hora que se asigne provisto de máscara de protección facial. A preinscripción presencial farase do 1 ao 4 de xuño (de luns a venres) cos seguintes horarios:

- **1 e 2 de xuño de 9:00 a 18:00 h.**
- **3 e 4 de xuño de 9:00 a 14:00 h.**

**FASE DE MATRICULACIÓN (unha vez publicada o 8 de xuño a lista de admitidos/as na páxina web municipal).**

**Documentación a achegar:**

- Ficha de datos
- Ficha de datos médicos
- Declaración de autorizacións
- Fotografía tamaño carné co nome do/a neno/a no dorso
- Copia da tarxeta sanitaria (no caso de mutualidades e outros seguros privados, fotocopia da tarxeta sanitaria e do cadro de médicos e de centros de referencia na zona).
- Informe/xustificante médico asinado polo facultativo pertinente (só no suposto de que o/a neno precise un tratamento específico ou teña algunha doenza que haxa que ter en conta. De ser o caso, facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo).
- Declaración responsable a respecto da COVID-19
- Recoller o recibo para o pagamento da cota de inscrición e proceder a facer efectivo o seu pagamento na entidade bancaria e conta indicada. Este recibo poden recibilo por correo electrónico sempre que así o indiquen na solicitude xunto coa caixa de correo no que queren recibilo. Unha vez feito o pagamento, hai que achegar xustificante bancario de ter aboada a cota establecida.

**Prazos e lugar para achegar esta documentación:**

- **ESTA DOCUMENTACIÓN ACHEGARASE PREFERENTEMENTE POR MEDIOS TELEMÁTICOS a través da sede electrónica municipal <https://sede.fene.gal/> ou do Rexistro Electrónico Común, <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do> desde as 9:00 horas do 14 de xuño ás 14:00 horas do 17 de xuño.**
- **EXCEPCIONALMENTE, matriculación presencial.** Para acollerse a esta modalidade hai que solicitar **cita previa no teléfono 981 340 366**. Acudir o día e a hora que se asigne provisto de máscara de protección facial. A preinscripción presencial farase do 14 ao 17 de xuño (de luns a venres) cos seguintes horarios:
  - **14 e 15 de xuño, de 9:00 a 18:00 h.**
  - **16 e 17 de xuño, de 9:00 a 14:00 h.**

## **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS (FASE DE MATRICULACIÓN)**

Ofértase un número **máximo de 40 prazas por cada quincena.**

A valoración das solicitudes e da documentación presentada na fase de PREINSCRIPCIÓN polos/as interesados/as para participar en *UN VERÁN DIFERENTE II*, correrá por conta do persoal técnico do Departamento de Cultura aplicando os seguintes criterios:

- 1. Situación familiar:** Para a valoración da situación familiar dos/as solicitantes teranse en conta o número de fillos/as menores de 12 anos e, no seu caso, o de fillos/as con discapacidade:

<b>SITUACIÓN FAMILIAR</b>	<b>PUNTOS POR CADA FILLO/A</b>
Por cada fillo/a menor de 12 anos.	2,00
Por cada fillo/a con discapacidade.	4,00

- 2. Situación laboral:** A estes efectos, enténdese por situación laboral a falta de dispoñibilidade dos proxenitores ou representantes legais dos menores para atender persoalmente aos seus/súas fillos/as nos seguintes supostos:

<b>SITUACIÓN LABORAL</b>	<b>PUNTOS</b>
Ambos proxenitores con emprego e horarios laborais que coinciden cos horarios de <i>Un verán diferente</i> .	10,00
Un/unha dos dous ten emprego e o/a outro/a dedícase exclusivamente ás responsabilidades familiares ou é pensionista.	0,00
Un/ha dos dous ten emprego e o/a outro/a está desempleado/a participando en cursos de formación profesional regrada ou formación para o emprego durante <b>os días que dura o <i>Un verán diferente</i> e en horarios que coinciden coa actividade</b>	10,00
Familia monoparental empregado/a ou realizando formación profesional regrada ou formación para o emprego durante <b>os días que dura o <i>Un verán diferente</i> e en horarios que coinciden cos das actividades</b>	10,00

A valoración das circunstancias familiares e laborais efectuarase consonte aos datos facilitados en declaración responsable polos proxenitores/representantes legais dos menores, circunstancias que están referidas á data de presentación da declaración responsable.

O servizo municipal encargado da valoración non poderá presumir, en ningún caso nin a respecto de ningún solicitante, a concorrencia de circunstancias distintas ás alegadas na declaración responsable asinada polos proxenitores/representantes legais. A falla ou defecto na declaración das circunstancias obxecto de valoración, é de exclusiva responsabilidade do/a interesado/a.

En caso de producirse empates na valoración dos/as solicitantes das prazas unha vez aplicados os criterios anteriores, as prazas adxudicaranse priorizando en primeiro lugar a quen teña irmáns/ás que solicitan *Un verán diferente*. E, de persistir o empate, por orde alfabética do primeiro apelido do/a solicitante.

1. Rematado o prazo de presentación das solicitudes de PREINSCRIPCIÓN e unha vez aplicados os criterios de puntuación sinalados anteriormente, **o 8 de xuño ás 14:00 h. publicarase a lista de admitidos/as na páxina web <http://www.fene.gal> así como dos que quedan en lista de agarda.**

2. As vacantes que se produzan na fase de matriculación por non presentar a documentación, presentala fóra do prazo establecido, por renuncia expresa á praza ou por non cubrirse as prazas de cada quincena, seranlles ofrecidas aos/ás solicitantes que figuran na lista de agarda. No caso que se produzan vacantes, o Concello de Fene contactará, seguindo a orde da listaxe, coas persoas suplentes mediante chamada telefónica. Realizaranse 3 chamadas entre as 9:00 e as 14:00 horas. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na listaxe de agarda. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida, deberán presentar a documentación sinalada nun prazo de 24 horas. No caso de non presentar a documentación no prazo indicado, a praza ofertarase á seguinte persoa en lista de agarda.

## PAGAMENTO DA COTA DE INSCRIPCIÓN EN UN VERÁN DIFERENTE

**As persoas admitidas, que formalizaran a súa matriculación por sede electrónica e que así o indiquen expresamente no formulario de solicitude, recibirán na súa caixa de correos o recibo para facer efectivo o pagamento da cota de inscrición. Quen non o queiran recibir por correo electrónico, poden recollelo presencialmente no momento en que acheguen a documentación requirida para a matriculación. En calquera destes dous supostos, teñen de prazo do 14 ao 18 de xuño para facer efectivo este pagamento ou, de ser o caso, comunicar no Departamento de Cultura a súa baixa na actividade.**

### COTAS:

#### Quincena:

- 1º membro da unidade familiar, 34 €
- A partir do 2º membro da unidade familiar, 18 €

### REDUCIÓN DE COTAS:

- En situación de escasa capacidade económica, as tarifas poderán reducirse no 50% e mesmo acceder gratuitamente a esta actividade nos termos sinalados no artigo 4) da Ordenanza fiscal núm. 2.
- As persoas interesadas en acollerse ao suposto citado anteriormente, deberán formalizar igualmente a matrícula e o pagamento da cota nos prazos fixados.

### OBSERVACIÓNS XERAIS

- Unha vez comezada a actividade non procederá a devolución de cota.
- De proceder a devolución de cota por erro, baixa ou outras cuestións, hase rexer polos prazos e procedementos establecidos.
- A empresa adjudicataria da prestación deste servizo está obrigada a subscribir pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil e a aplicar os protocolos hixiénico sanitarios que rexen este tipo de actividades.
- Os/as participantes cumprirán escrupulosamente coas medidas hixiénico sanitarias e demais medidas de organización da actividade que se definan.
- Haberá unha **reunión previa cos pais/nais/titores dos participantes en cada quincena e coa empresa organizadora** da actividade. Estas reunións terán lugar na Casa do Concello os días e horas que se indican:
  - Participantes na primeira quincena (1 ao 16 de xullo), luns 28 de xuño ás 19:00 horas a primeira quenda e ás 20:15 horas a segunda quenda, na Sala de Plenos da Casa do Concello.
  - Participantes na segunda quincena (do 19 ao 30 de xullo), mércores 29 de xuño ás 19:00 horas a primeira quenda e ás 20:15 horas a segunda quenda, na Sala de Plenos da Casa do Concello.
- A formalización da matrícula implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e dos cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

### MÁIS INFORMACIÓN

Departamento de Cultura e Deportes (Avda. Naturais, 44, entresollado dereita, 15500 Fene. Teléf.: 981 340 366.

Correo electrónico: [cultura.deportes@fene.gal](mailto:cultura.deportes@fene.gal)

Web: <http://www.fene.gal>



CONCELLERIAS DE CULTURA E DEPORTES

# PREINSCRICIÓN

## SOLICITUDE DE PREINSCRICIÓN - DECLARACIÓN RESPONSABLE NO PROGRAMA UN VERÁN DIFERENTE! 2021

Núm. Inscripción: \_\_\_\_\_  
(a cubrir pola administración)

Don/Dona.....  
PAI/NAI/ TITOR do/a menor pendente de matrícula  
NIF .....,  
Domiciliado en.....  
CP....., parroquia....., Concello.....  
Teléfonos de contacto.....  
Correo electrónico.....

**No seu propio nome e dereito, con coñecemento dos delitos nos que puidera incorrer por falsidade,**

### DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:

1. A súa situación familiar é (Cubrir SI/NON segundo corresponda e número de fillos/as):

SITUACIÓN FAMILIAR	SI/NON	Número
Fillo/a menor de 12 anos		
Fillo/a con discapacidade		

2. A súa situación laboral é (Cubrir SI/NON segundo corresponda):

SITUACIÓN LABORAL	SI/NON
Ambos proxenitores con emprego e horarios laborables <b>que coinciden cos horarios de Un verán diferente!</b>	
Un/unha dos dous ten emprego e o/a outro/a dedícase exclusivamente ás responsabilidades familiares ou é pensionista	
Un/ha dos dous ten emprego e o/a outro/a está desempleado/a participando en cursos de formación profesional regrada ou formación para o emprego durante <b>os días que dura o Un verán diferente!</b> e en <b>horarios que coinciden cos das actividades</b>	
Familia monoparental empregado/a ou realizando formación profesional regrada ou formación para o emprego durante <b>os días que dura o Un verán diferente!</b> e en <b>horarios que coinciden cos das actividades</b>	

3. A relación de menores para os que solicita a inscrición:

NOME E APELIDOS	DATA NACEMENTO	RELACIÓN COA PERSOA QUE SOLICITA

4. Os menores para os que solicito a inscrición relacionados no punto 3 non están empadroados no Concello de Fene pero si estiveron matriculados no colexio \_\_\_\_\_ no curso 2020/2021.

5. Autorizo ao persoal técnico do Departamento de Cultura, encargado das inscricións en *Un verán diferente!* a comprobar de oficio que os menores para os que solicitan a inscrición están empadroados no Concello de Fene. De ser o caso, autorizo a ese mesmo persoal a comprobar que os menores estiveron matriculados no centro de ensino que indico no curso 2020/2021.

6. A modalidade que escolle

**QUINCENAS:** (só se pode escoller unha quincena)

**a) 1ª Quincena do 1 ao 16 de xullo de 2021**

- Madrugadores/as (de 8:00 a 14:00 h.)  
 Xogamos no exterior (de 10:00 a 14:00 h.)

**b) 2ª Quincena do 19 ao 30 de xullo de 2021**

- Madrugadores/as (de 8:00 a 14:00 h.)  
 Xogamos no exterior (de 10:00 a 14:00 h.)

### OBSERVACIÓNS RELEVANTES

.....  
.....  
.....

En Fene, a \_\_\_\_\_ de xuño de 2021

Sinatura do/a solicitante

*Consentimento expreso de inclusión dos datos recollidos neste formulario nun ficheiro, para o seu tratamento coa finalidade de facilitar a xestión deste procedemento, en cumprimento do disposto na lexislación vixente de protección de datos de carácter persoal. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante escrito dirixido ao Concello de Fene, Praza do alcalde Ramón José Souto González s/n. 15500 Fene. A cumprimentación e sinatura deste documento suporá a prestación do consentimento para dito tratamento.*

## PREINSCRICIÓN DECLARACIÓN RESPONSABLE A RESPECTO DA COVID-19

D/Dª.....  
Pai/hai/titor/a dos/as nenos/as:.....  
.....

En relación coa inscrición e matriculación en **UN VERÁN DIFERENTE! 2021** e tendo en conta as disposicións aplicables:

### DECLARO QUE

Son responsable das seguintes cuestións:

- Os/as nenos/as e familiares autorizados para a entrega/recollida dos/as participantes en **UN VERÁN DIFERENTE! 2021** non tiveron síntomas identificables coa enfermidade COVID-19 durante os últimos 15 días.
- Non tivemos contacto directo con conviventes, familiares ou calquera persoa que estivera a unha distancia menor de 2 metros durante un tempo de polo menos 15 minutos con outra persoa con diagnóstico confirmado ou probable de enfermidade COVID-19 nin teño coñecemento de ter compartido espazo sen gardar a distancia mínima interpersoal con ningunha persoa con diagnóstico confirmado ou probable de enfermidade COVID-19 durante os últimos 15 días.
- En caso de presentar algún síntoma compatible coa enfermidade COVID-19 seguirei as directrices das autoridades sanitarias, non acudindo á actividade e avisando ao seu responsable coa maior brevidade posible.
- Aplicaremos e cumpriremos en todo momento as normas, disposicións e recomendacións relativas a seguridade e saúde incluíndo, se é o caso, o uso dos equipos de protección individual que deba empregar, de cara á participación na actividade **UN VERÁN DIFERENTE! 2021**

Asinado: